1) É INDISCUTIDO NA BIBLIOGRAFIA GALEGA, tanto do ponto de vista histórico-político (Beramendi 2007: 583) como linguístico-cultural (Torres Feijó 1995) que Portugal funcionou como referente de reintegração para as diferentes feições e orientações políticas do galeguismo. De forma geral, o início desta dimensão da filiação galego-portuguesa é colocada em relação com o ressurgimento literário da década de 1860 (*Rexurdimento*), vinculada, logo, ao nacionalismo de corte romântico e, em consequência a uma reivindicação identitária expressa e politicamente formulada. Deste ponto de vista, são Manuel Murguía (1889, 1891, 1995), teórico fundamental deste movimento, o seu amigo o poeta Eduardo Pondal, produtor literário do momento em que a lusofilia é mais evidente, quem formulariam uma identidade linguístico-cultural galego-portuguesa que não parece ser contestada desde o galeguismo até bem entrado o século XX.

2) Murguía, na sua formulação do regionalismo/nacionalismo galego, considera que as fontes do ressurgir identitário devem ser procuradas, no passado imediato, no surto revolucionário da década de 40, e, mais atrás, no renascer literário (entendendo literário no sentido de “letrado”) da ilustração galega (Murguía 1995).

25

.....
PORTUGAL COMO
REFERENTE NA GALIZA DO
SÉCULO XVIII.
O CASO DE JOSÉ ANDRÉS
CORNIDE
.....

Raquel Bello Vázquez

3) A geração ilustrada a que Murguía se refere tem sido escassa e superficialmente estudada por vários motivos, entre os quais enunciaremos os três que achamos fundamentais: (a) a visão do século XVIII como um período de pouca produção literária ou de produção de reduzido interesse, (b) a consideração de que neste período qualquer produção é feita em castelhano e, por isso, não deve ser selecionada dentro do corpus da literatura galega, e, (c) em parte derivado deste último, a percepção de que a produção dos ilustrados pouco contribui globalmente para a construção identitária galega tanto do ponto de vista linguístico como cultural.

4) No entanto, o período ilustrado tem começado a ser reinterpretado por parte da crítica literária nos últimos anos, e esta tem incorporado ao cânone algumas figuras setecentistas galegas – singularmente o Padre Sarmiento (Bello Vázquez 2011) – argumentando a existência de alguns – embora escassos – escritos em língua galega e, também de uma certa vontade reivindicadora ou defensora da língua em indivíduos concretos.

2. Hipóteses

1) É possível que exista relação entre o facto de Murguía formular de forma tão clara um princípio reintegracionista na sua teorização galeguista e o facto de tomar a geração ilustrada do século XVIII como um dos referentes para explicar o ressurgimento literário dos meados do século XIX.

2) O interesse mostrado por vários produtores setecentistas galegos (o bacharel Olea, Francisco Javier Rodríguez, Sobreira, Laboriñas, Labrada, o Padre Gregorio ou Sarmiento [Martínez-Barbeito 1956]) pela elaboração de vocabulários e listados de vozes galegas pode estar diretamente vinculado com a percepção de uma identidade linguística, cultural ou de qualquer outro tipo entre Galiza e Portugal.

3) A existência durante o período moderno de instituições legais que reconhecem a existência autónoma do Reino da Galiza (outro assunto diferente que não trataremos aqui é a medida real desta autonomia ou a sua implementação política) pode ter indício na formulação de uma identidade galega, à margem de como esta fosse refletida, e que esta se vincule de alguma forma com uma certa lusofilia.

3. Seleção do caso e do corpus

Este trabalho deriva-se de um projeto de investigação financiado para elaborar uma base de dados [BD] que recolha informação sobre os produtores e produtos produzidos na Galiza durante o século XVIII. Embora tenhamos utilizado parte das informações recolhidas nesta BD para o presente artigo, o seu estado atual [2012], ainda em processo de elaboração, levou-nos a introduzir outras fontes para o teste das nossas hipóteses. Não tendo ainda uma amostra suficiente que nos permita verificar globalmente e para toda a ilustração galega a vinculação com Portugal, decidimos optar por um estudo de caso em que utilizamos uma metodologia fortemente qualitativa.

Não são raras, desde o *Teatro Crítico Universal* do Padre Feijó (1726, t. 1: 321-326, especialmente), as manifestações mais ou menos lusófilas por parte dos produtores galegos do século XVIII, mas estas quase sempre ficam reduzidas a afirmações de proximidade ou identidade da língua galega e portuguesa; ora, achámos mais rendível para este trabalho escolher um produtor da segunda metade do século XVIII em que pudéssemos constatar vinculações reais com Portugal para podermos analisar de que tipo eram essas relações.

José Andrés Cornide e Saavedra, de facto, viajou por Portugal ao menos em duas ocasiões e a segunda, realizada sob encomenda da Real Academia de Historia de Madrid [RAH] pode ser tracejada através do diário e da correspondência publicada pela própria RAH. Outro fator relevante em Cornide é que se conserva correspondência sua com ilustrados portugueses como Ribeiro dos Santos e com galegos residentes em Portugal como Gayoso de Lemos. Da mesma maneira, durante a sua estadia ao sul do Minho contactou com figuras relevantes da ilustração portuguesa como Manuel do Cenáculo, o Duque de Lafões, e outros membros da Academia das Ciências de Lisboa. Ainda, a vinculação de Cornide com a Coroa espanhola e com várias instituições referenciais da ilustração na Galiza e na Espanha da altura, colocam-no como um agente de previsível relevância para entendermos as principais linhas de força do campo cultural na Galiza do século XVIII.

Cornide ocupou diferentes postos políticos como Regedor da cidade da Corunha (1763), Capitão desde 1764 de uma das milícias corunhesas que em 1762 tinham participado na guerra contra Portugal, Regedor

da cidade de Santiago de Compostela (1766), representante de Santiago de Compostela nas Junta do Reino celebrada na Corunha em 1775, e primeiro vogal da Junta Nacional de Caminos (1782), entre vários outros (*Relación de méritos...*).

Além destas responsabilidades políticas, redigiu e/ou publicou diferentes textos que visavam o estudo e a proposta de soluções para diferentes problemas que achava concerniam o Reino da Galiza, sendo a produção provavelmente mais reconhecida na sua época a relacionada com a pesca: *Descripción circunstanciada de las costas de Galicia*, *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*, *Ensayo de las producciones marinas de la costa de Galicia*, *Ensayo de la historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia*. Igualmente ocupou-se doutros assuntos que diziam respeito da economia ou a história galegas, como na *Memoria sobre las minas de Galicia*, *Las Casitérides, ó islas del estaño, restituidas a los mares de Galicia*, *Investigación sobre la fundación y fábrica de la Torre llamada de Hércules*, muitas delas memórias escritas para a RAH.

Os materiais utilizados como corpus deste trabalho são:

- 1) Os registos da biblioteca de Cornide conservada no Real Consulado do Mar da cidade da Corunha, tratados a partir da BD.
- 2) A correspondência a ele endereçada e outra documentação de Andrés Cornide conservada no Arquivo do Reino da Galiza [ARG] da cidade da Corunha.
- 3) A correspondência com Ribeiro dos Santos e Gayoso de Lemos conservada na Biblioteca Geral da Universidade de Santiago de Compostela [BUSC].
- 4) A documentação de Cornide conservada no Arquivo da RAH. Do considerável conjunto documental legado por Cornide a esta instituição, selecionamos unicamente aqueles maços que tinham sido catalogados como vinculados com temática galega ou portuguesa.
- 5) O *Catalogo de Palabras Gallegas*, localizado e publicado por Carlos Martínez-Barbeito no *Boletín de la Real Academia Gallega* em 1956.

Estas não são as únicas produções de Cornide dedicadas a Portugal. O ilustrado corunhês escreveu também um completo diário sobre a sua estadia em Portugal, citado acima, assim como o seu *Estado de Portugal en el año de 1800* (Cornide 1893-1897). A pesar do inegável interesse

destes e doutros materiais, trata-se fundamentalmente de descrições objetivas do património artístico português, da sua geografia ou da sua demografia. Estes textos são, pela sua própria existência, provas do interesse de Cornide por Portugal, mas a sua análise não chega aos nossos propósitos elementos novos que sim estão presentes nos documentos mencionados acima.

Uns textos de teor bem diferente e que excluímos do corpus por outros motivos, são os planos elaborados por Cornide para sustentar uma eventual invasão de Portugal por parte da Coroa espanhola. Estes textos têm sido interpretados pelos seus editores como a mostra de que o único interesse da estadia de Cornide em Portugal era a de analisar a vulnerabilidade das praças defensivas portuguesas para preparar uma ofensiva militar que conduzisse à unificação política da península ibérica. Sem negarmos esta afirmação de modo nenhum, porque, de facto, Cornide escreveu dois documentos com os títulos *Introducción a la Memoria sobre el modo de hacer la guerra a Portugal* e *Observaciones sobre el modo de hacer la guerra contra el reino de Portugal*, a verdade é que achamos simplificada a sugestão de que este podia ser o único interesse de Cornide por Portugal. Os próprios textos sobre a invasão de Portugal, assim como as circunstâncias em que foram encomendados e redigidos, merecem uma investigação específica que ultrapassa os objetivos e as potencialidades deste trabalho.

4. Relacionamento de J. A. Cornide com Portugal: evidências

A primeira evidência do estreito vínculo de Cornide com Portugal são as suas viagens além Minho. A primeira destas viagens foi realizada em 1772 e, embora exista constância de que, como era o seu hábito, registou um diário da mesma, este não se conserva. 16 anos depois, em 1798, Cornide empreendeu uma nova viagem que o levou a morar em Lisboa por um período de algo mais de dois anos, de janeiro de 1799 até março de 1801. Desta estadia surgem dois produtos principalmente: *Estado de Portugal en el año de 1800*, publicado em 1893 em Madrid. Neste volume, o responsável pela nota introdutória, Sánchez Moguel, afirma que “La Academia, el 8 de Junio de 1798, resolvía «que siendo

necesario enviar al Archivo de la Torre del Tombo de Lisboa persona de inteligencia, celo y legalidad [...] no hallaba otro más á propósito por todas sus circunstancias que nuestro Académico numerario el Sr. D. Joseph Cornide», e define Cornide como “Anticuário insigne, versado como pocos en la historia del vecino reino, que había visitado antes [...]” (Sánchez Moguel 1893: VII).

Para Sánchez Moguel, o conhecimento de Cornide do reino de Portugal era raro entre os ilustrados espanhóis, insistindo nesta ideia do seguinte modo: “ni la comunicación intelectual y social en que casi vivíamos portugueses y españoles más de un siglo [sic], fueron bastantes para que [Cornide] declinara el encargo de la Academia” (Sánchez Moguel 1893: VIII). Esta mesma ideia está presente também em Cornide, quem, na *Introducción a la Memoria...*, indica que “el reino de Portugal se halla poco menos conocido de los españoles que los del Japón o del Tibet” e ainda «son pocos los españoles que han recorrido sus provincias y que han procurado tomar conocimiento de sus producciones, de sus fuerzas y de sus relaciones mercantiles con las provincias que le rodean” (*apud* Abascal e Cebrián 2009: 845).

A redação destes textos, e sempre segundo o editor oitocentista do *Estado...*, vinculava-se com uma política geral da Coroa espanhola na altura, que acordara solicitar relatórios pormenorizados a todas as embaixadas espanholas. Por causa deste requerimento, o Duque de Frias [Diego Pacheco Téllez-Girón Gómez de Sandoval], embaixador em Portugal nessa altura, decide que seja Cornide o autor do relatório sobre Portugal.

A sua experiência e conhecimentos parecem ter-lhe ganho, portanto, o reconhecimento de ser a pessoa apropriada para várias missões oficiais que visam o estudo em várias dimensões de Portugal: a encomenda da Academia, o relatório para a embaixada e até os documentos antes mencionados sobre a possível invasão de Portugal.

Uma segunda evidência das conexões intensas de Cornide com Portugal estão na sua correspondência. No núcleo documental conservado no ARG da Corunha procurámos as referências a Portugal, à Galiza e a qualquer tipo de produção cultural para verificar se existia algum tipo de cruzamento entre estes três fatores. O que encontramos foi que dos 31 interlocutores identificados em 10 está presente – e podemos afirmar ainda que é principal – o assunto da compra, venda, troca

ou empréstimo de livros. Isto acontece com interlocutores galegos, espanhóis e portugueses^[1].

Os livros servem para estabelecer uma rede de relações que se estende por várias cidades espanholas e portuguesas. Só a modo de exemplo, podemos ler em carta de Antonio Gayoso, datada no Porto em 22 de setembro de 1785:

Los escritores de las Historias de O Porto y Puente de Lima se me han ofrecido a complacer a Vm.^d por lo que será menester que Vm.^d me envíe una minuta de aquellos puntos en que padece duda. Le sucede a Vm.^d lo mismo que a mí respecto a Guevara, p.^s no obstante haver-le tratado, no contraxe correspondencia con el, ni yo aquí le podía ser util para cosa alguna. Mí amigo vá recomendado a los Yriartes que para el intento son mui buenos. Todavía no he tenido respuesta de nrõs libros: ellos son de calidad que será necesario buscarlos [1] con un candil./ El portador de esta és un platero, que passa al Ferrol. Haga-me Vm.^d el gusto de protexer-le, y darle alguna carta para aquel Pueblo, pues me lo pide un amigo mío particular, a quien deseo servir, por todos los medios imaginables.

Veja-se de que maneira as relações de encomenda de livros se tecem com as relações de amizade e recomendação de pessoas conhecidas. A exploração mais completa deste aspeto terá de ser feita em fases posteriores da pesquisa, quando todos estes dados tenham sido tratados também quantitativamente, mas pretendemos deixar aqui assente que os contactos de Cornide em Portugal estão a funcionar também como elementos desta rede de relacionamentos e amizades que se vai tecendo arredor das encomendas de livros.

¹ Os interlocutores identificados são Benito de Agar, Gregorio Ferro, Antonio Jalón y Alavés, Juan Antonio Aguirre, Gabriel Garcia, “Marin...”, “El Amigol” ou “Ex-gallego” (identificado também como Ayllón y Gallo), Antonio Gayoso, Manuel Antonio Miramonte y Sanjurjo, Manuel José Avalle, Juan José Gayoso y Montenegro, Benito de Murias y Mon, Ayllón y Gallo, Juan Antonio Gijón, José Pardiñas Villalobos, Bausá, Ignacio Gómez Thomas, José Piñeiro, Alejandro Baïlle, Antonio Ipiña, Manuel Quiroga y Cornide, Pedro Andrés Burriel, José Ramos, Francisco Cueto y Valdés, Jozé Antonio Soares e Cide, Agustín Bernardo de Ron, Domingo Diaz, Juan Vazquez, Alejandro de Vallejo, Jacobo Vázquez García, Francisco de Paula Vélez de Campo, Silvestre Verdes Montenegro.

Mais provas no mesmo sentido localizam-se, por exemplo, em Carta do mesmo Gayoso a Cornide, datada no Porto a 23 de julho de 1785, e na carta de Ribeiro dos Santos (ambas na BUSC, ms. 623) em agradecimento a Cornide pelo empréstimo de livros:

Ill.^{mo} Snr. D. Joze Cornide

Meo estimadissimo Snr. tive a fortuna, e honra de ler a eruditissima carta de V. S.^a escrita a 29 de Junho ao Ill.^{mo} Snr. D. Manoel Luis Gaioso de Lemos em resposta à consulta, e encomenda, que o dito Snr. havia feito a V. S.^a por m.^a parte de algum livro impresso na Lingoa Gallega, e do Diccionario Vasconso [sic] do P. Larramendi, e como das noticias e monumentos, q.^e V. S.^a voi servido benignam.^{te} communicar naquella carta, me resultaõ grandes vantagens para a obra, em q.^e tenho entrado; julguei ser da minha obrigação participar a V. S.^a por mostras de meo agradecimento o grande gosto, e satisfaçã, com que recebi taõ preciosos donativos.

32

.....
PORTUGAL E(M) NÓS
.....

Contributos para
a compreensão do
relacionamento cultural
galego-português

Estas relações tecidas no espaço epistolar confirmam-se em 1799 quando, na segunda viagem de Cornide em Portugal, e quando o galego se encontra já residindo em Lisboa, fala de maneira frequente de Ribeiro dos Santos (pp. 457, 462, 466, 512, 538, 559, 564, 633, 644).

Uma terceira evidência é a presença de textos em português ou vinculados a Portugal entre os materiais de Cornide. Entre os documentos do ARG existem: *Papel em que o Exc.^{mo} Marquez de Pombal mostra o modo por que adquiriõ [sic], vinculou e conserva os benz que ten a sua caza... e formou as de seus filhos os Excmos Condes de Oeiras e Redinha* (Manuscrito, Leg. 8, n.º 161), cópia de um privilégio confirmado por Maria I de Portugal ao filho primogénito do marquês de Pombal (Manuscrito, Leg. 188, n.º 218) e a *Egloga de Durindo e Floro por ... entre os pastores da arcadia portuense Albano Erythreo...* de José João Xavier de Matos (Leg. 9, n.º 162). No catálogo dos livros legados ao Real Consulado do Mar, encontramos unicamente o livro de Antonio do Rosario *Frutas do Brasil, numa nova, e ascética monarchia*, junto com a edição de Lion de 1693 das *Lettres portugaises*.

Quanto aos manuscritos da RAH, figura uma espécie intitulada *Geografía antigua de Portugal. Diosa de la Lusitania.- Incripciones. Itinerario de Antonino Pio en Portugal por Cornide*. (cota 9-3917). O documento está composto por 7 maços, que no seu interior contêm vários

cadernos manuscritos com os títulos: *Itinerario de Antonino p.^r el Reyno de Portugal y Prov.^a de Extremadura p.^a ilustrar los en el viage, Dioses de la Lusitania. Inscripciones de Pueblos de la Lusitania. Otras de afuera. Descripcion de la Costa de la Lusitania, Inscripciones de varios Pueblos de la Lusitania no mencionados en los Geografos e historiadores antiguos. Inscripciones de Pueblos de la Lusitania. Otras de afuera. Descripcion de la Costa de la Lusitania, Descripcion de la Costa de la Lusitania, Lisboa Olisippo, Noticia de las Tberas ó Baños Casianos, y otros monumentos Romanos modernamente descubiertos en la Ciudad de Lisboa, Algunos nmes geograficos Que se hallan en el repartim.^{to} de Sevilla, y de que habían varios authores delos que hablaron de los Moros de España Como Marmol, Bleda, &, p.^o que no son de origen arabe.*

Mesmo sendo uma amostra do interesse de Cornide por Portugal tanto do seu passado e património como da sua atualidade política (repare-se nos dois documentos relativos ao Marquês de Pombal), estas referências parecem-nos escassas se tivermos em conta a relação de Cornide com agentes portugueses ou residentes em Portugal. Alegadamente, a biblioteca de Cornide está conservada no Real Consulado do Mar, mas os volumes que podemos identificar como pertencentes a ele (através do ex-libris com o seu nome, que está consignado no catálogo da Biblioteca do Consulado) reduz-se a 254 volumes, que incluem como espécies independentes obras divididas em vários volumes como, por exemplo, os 8 do *Le gentilhomme cultivateur ou corps complet d'agriculture* ou os 25 das obras de Frei Luís de Granada, entre outros.

Em função do que conhecemos da trajetória de Cornide, este utilizou a relação com os agentes mencionados e com outros para se fazer com obras à venda em livrarias portuguesas, como se verifica na carta de Gayoso de Lemos a 8 de setembro de 1785 (ARG) em que dá conta do sucesso da procura de determinados livros:

Un amigo mío tiene el Estazo, y no creo será difícil el proporcionar-lo a Vm.^d aunque [1] sea prestado. De los otros diré algo, quando reciba una respuesta de Lisboa, p.^s de Coimbra ya no hay que esperar, siendo los libros que allí se venden, casi todos Científicos. Estaré con los amigos que trabajan a [sic] la descriptcion de O Porto y PontedeLima y veré lo que me dicen en en asunto.

O mesmo acontece durante a sua estadia em Lisboa, como se desprende das cartas que envia a Ayllón y Gallo desde a capital:

Hay un excelente diccionario portugués en dos tomos en 4.º que es un extracto de Bluteau pero muy aumentado de términos y, aunque debo comprarlo, aún no lo compré porque lo hice de otros libros que necesitaba para mi comisión. Hay diccionarios portugueses y franceses, portugueses y latinos, ingleses y aun creo alemanes pero hasta ahora aún no sé cuál es el mejor de el que fuere lo compraré para Vm.

Nenhum dos dicionários referidos se encontra no Consulado, e sabemos, no entanto, que o Bluteau devia fazer parte da sua biblioteca porque foi a base do que trataremos a seguir como uma quarta evidência do relacionamento de Cornide com Portugal.

O *Catálogo de Palabras Gallegas* é um texto que ficou inédito também em vida de Cornide, mas foi resgatado do núcleo de documentação existente na Real Academia Galega na Corunha por Carlos Martínez-Barbeito e publicado no *Boletín* desta instituição em 1956. Trata-se, na linha do feito por outros contemporâneos de J. A. Cornide de, uma relação de palavras em língua galega. Desconhecemos qual era o propósito final desta compilação, que pela existência de faltas evidentes de revisão (algumas palavras estão repetidas, outras não estão corretamente arrumadas alfabeticamente) sabemos era só um rascunho para um eventual trabalho mais extenso, tal e como constata também o seu editor (Martínez-Barbeito 1956: 296). A base fundamental para a elaboração deste catálogo, tal e como indica Martínez-Barbeito é o dicionário do P. Bluteau, além da própria observação das falas do seu arredor.

Cornide assume a ortografia de Bluteau em muitos dos vocábulos, embora esta incorporação seja vacilante, igual que o é a sua ortografia do castelhano, algo explicável por se tratar de textos manuscritos e pela vacilação ortográfica própria da época. Em várias das entradas do seu *Catálogo*, Cornide também discute as pequenas variações de significado de algumas palavras nas variantes galega e portuguesa e até propõe incorporar uma particular aceção portuguesa aos usos galegos (veja-se, por exemplo, “Merendeiro”).

Como indica Martínez-Barbeito, embora Bluteau fosse a fonte principal, “no es Bluteau el único de sus mentores lusitanos.

También lo son Faria en su «Comento a Camoens» [sic] y Fr. Bento Pereira en su «Prosodia en vocabularium trilingüe latinum, lusitanum et castellanum digesta» y en su «Tesoro» de la lengua portuguesa” (Martínez-Barbeito 1956: 299).

Achamos relevante o facto de que Cornide escolha como referente básico e como padrão o dicionário de Bluteau, porque significa o reconhecimento implícito de algo que está também de maneira explícita na sua correspondência: que galego e português são uma e a mesma língua. Assim é recolhido, por exemplo na troca epistolar com Ribeiro dos Santos. Em carta deste, afirma o português: “Pelo que toca à Lingoa Gallega, que eu julgo com V. S.^a haver sido antiguum.^{te} huã mesma Lingoa com a Portugueza, por certo q.^e estimei a noticia, q.^e V. S.^a foi servido mandar de se acharem muytas Coplas do famoso Cancioneiro Gallego de D. Affonso ao Sabio”; ao qual responde Cornide, de forma muito mais clara e sem se remeter para a antiguidade: “somos acordes en el todo de ntas. opinio|1|nes sobre el origen de ntas. lenguas (que parece convenimos son una misma). V. S.^a las hace descender del celtico; yo inmediatamente del Latin”.

5. A defesa do Reino da Galiza: evidências

Paralelamente a esta série de conexões com Portugal, existe uma outra tomada de posição que achamos relevante na trajetória de Cornide, que é a defesa dos interesses do Reino da Galiza, junto com uma elaboração identitária a respeito do seu reino natal. Tanto por meio da sua correspondência como de documentos presentes no seu espólio, parece claro que o trabalho de Cornide em defesa do Reino não se limitou a uma função mais ou menos cerimonial nas Junta do Reino ou noutras instituições em que participou. Constatamos através da sua voz ou, sobretudo, da dos seus interlocutores, uma preocupação pelo desenvolvimento da Galiza e também pela sua imagem exterior.

Maior pesquisa é precisa também neste assunto, com uma análise exaustiva das iniciativas de Cornide através da documentação oficial das principais instituições de governo, mas os dados recolhidos acima da participação política de Cornide e as suas referências bibliográficas

achamos são suficientes para indicar uma implicação direta com a política galega. Além disto, há mais elementos na sua documentação que contribuem para precisar um pouco mais tanto a ideologia de Cornide como as suas estratégias políticas. Referiremos dois em particular.

O primeiro é o manuscrito *Noticias sobre algunas familias, blasones y hombres célebres de Galicia*, que pode ser posto em relação com a sua correspondência com Manuel Antonio Miramonte y Sanjurjo em 1785. Em carta datada a 18 de dezembro, Miramonte escreve para se queixar do tratamento recebido por Galiza em um Dicionário Geografico publicado em Madrid uns anos antes:

El nuevo Diccionario Geografico de la ympre.^{on} de Madrid el 1772. hablando de Galicia, ya advertiria vmd. (q.^e seguram.^{te} no estará sin esta obra) q.^e viene a tratarnos como unos zanganos. En la Gran colmena de el Mundo, poco menos q.^e nacidos p.^a criados del Reino de los hombres [...] esto se hace insufrible, y es un abuso intolerable a la humanidad, sencillez, y aplica.^{on} de ntõ. Vulgo. (p. 1)

Refere como consolação o grande mérito de Cornide e faz alusão ao melhor tratamento que Galiza recebe em uma obra similar, mais antiga e de autoria portuguesa: “la Población General de España del sabio Portugues Rodrigo Mendoza da Silva: tubelo en mi poder mucho tpõ [...] se q.^e trahe todos los |2| publos de Galicia de Alg.^a consider.^{on} y con mucha mas expresion q.^e el Diccionario Geografico refer.^{do} [...]”.

A seguir, Miramonte faz uma proposta a Cornide:

no por eso deja de parecerme oportuno, el yntentar si se puidere un Catalogo de los Gallegos q.^e llegaron a los sublimes puestos y empleos de ambos estados, y otro de los escritores, señalando los term.^{os} a que se estendia Galicia antiguam.^{te} y los a q.^e se alla reducida en el dia y porq.^e esto no es mas q.^e apuntar, sin--- vmd. disimularmelo |2| y q.^e no diga todo lo mas q.^e ya se me ofrece q.^e seria formar un medio Libro, ymportunam.^{te} (p. 3)

Esta proposta vai perfeitamente ao encontro dos conteúdos do referido manuscrito. Em coerência com esta hipótese, os únicos dois documentos com data neste volume, são de 1785, como as cartas. É provável que, independentemente de que o texto de Cornide seja

uma resposta à proposta de Miramonte, que ambos estivessem trabalhando simultaneamente na defesa do reino por meio da dignificação de indivíduos dele originários.

Em uma linha similar, mas diretamente envolvida na estratégia política, a correspondência mantida em 1787 com Alejandro de Vallejo vincula-se a planos de desenvolvimento do Reino da Galiza que Cornide faz chegar a Vallejo, como mediador perante Floridablanca.

M.^d 28. de Marzo de 87/ Am.^o y S.^r Estamos en ocasion mui afortuna para que yo pueda hacer valer sus escritos de vm. sobre Rías, Puertos, Rios y Pesca de esa costa y las demas observaciones que haya echo, por que se va a mover el negocio del Monte Tui [?] y si se entra en mis ideas havra que hacer mas en adelante. Tengo manifestado al s.^r Conde que espero estas noticas para pasarlas a sus manos en comprvacion de mis pensamientos y de las proporciones de prosperar que tiene ese Reyno, asi por su situacion y clima, como porque tiene Patricios de zelo, instrucción y de actividad para las empresas. (p. 1)

Madrid 22. de Agosto de 1787/ acompaño la adjunta copia de la representaz.^{on} ó causa que sirvió de guia à los Escritos de vm., y muestra del carbon de piedra: Quisiera que este oficio produgese todas las ideas que he tenido en él; mas si no sucediese como deseo, à lo menos puen Vm. y ese Reyno vivir persuadidos de que hé hecho quanto hé podido por subien particular y gral, assí en este escrito, como en el de las observaciones Politicas, en las que comprendí quanto pude observar desde la ciudad de Astorga hasta la de Santiago, en la tercera y ultima parte de ellas./ Todo está en poder del Excm.^o S.^r Conde de Floridablanca, y si S. E.^a tubiese tanto tiempo para reconocer mis Escritos, como anhelos del bien Publico, creo tocara alguna buena parte ál Reyno de |1| Galicia; pero aunque trabaja mucho, és un hombre solo, sobre quien cargan muchos negocios y asuntos graves» (p. 2) Madrid, 20/05/1787/[...] Ojala |2| que dho. S.^r Conde tuviese tiempo para reconocerlos [os escritos e documentos que envia Cornide, entre eles a descrição da costa e das pescarias] assi como mis anteriores memorias de Observaciones Politicas, pues devieramos esperar algunos buenos efectos à favor de ese Reyno y de otras Provincias; mas Amigo mio yo hé hecho quanto há estado de mi parte, para que el gran viaje del Señor no fuese infructifero de todos modos.

Esta seleção de trechos mostra de que maneira o prestígio de Cornide e as suas produções sobre a economia do Reino da Galiza eram traduzidas em capital político através do contacto de Alejandro Vallejo, funcionário da Fazenda na corte madrilena, para este fazer chegar diretamente ao Conde de Floridablanca as propostas de desenvolvimento elaboradas por Cornide.

6. Discussão

Desde a corte madrilena era reconhecida uma certa excecionalidade nos conhecimentos que José Andrés Cornide tinha a respeito de Portugal. Estes conhecimentos estavam vinculados com um interesse claro e manifesto na documentação conservada por colecionar livros e todo o tipo de registos sobre o património e a geografia portuguesas – os seus diários, de facto, não têm apenas descrições, mas estão cheios também de desenhos que documentam inscrições, figuras, templos, etc. Dentro deste interesse podemos colocar também o do conhecimento linguístico. Se bem é verdade que a proporção dos livros em português conservados e atribuídos a Cornide nos arquivos é pequena e, de facto, podemos localizar uma quantidade bem maior de livros em latim, francês e italiano, sabemos que Cornide lia em português porque recebia correspondência nesta língua, embora ele não a utilizasse para escrever aos seus amigos portugueses, e porque o Dicionário de Bluteau foi a sua principal ferramenta de trabalho para realizar o seu *Catálogo de Palabras Gallegas*.

A vinculação de Cornide com o seu reino natal parece também fora de questão se tivermos em conta a quantidade de memórias e outros trabalhos literários – no sentido setecentista – por ele elaborados visando o desenvolvimento da Galiza e também se acrescentarmos a isto a evidência de trabalho político na corte madrilena para conseguir a implementação política de parte dos conteúdos literários citados.

Parece-nos coerente que o *Catálogo de Palabras Gallegas* suponha a linha de intersecção entre os dois aspectos aqui estudados da trajetória de Cornide. Neste texto coincidem o tratamento de um assunto galego como é a elaboração de um glossário, que na época não deixava de ter um certo valor dignificador ou legitimador de uma língua que, no Reino

da Galiza, carecia de usos cultos, e a incorporação dos resultados do alargado conhecimento e contacto de Cornide com Portugal, através da assunção de Bluteau como padrão linguístico para o galego. Como vimos, Cornide assumia a identidade entre galego e português, o que também tinha em si mesmo um sentido legitimador, já presente em Feijó várias décadas antes, e que continuará na teorização de Manuel Murguía várias décadas depois. Efetivamente, esta identidade legitimadora não é exclusiva da produção de Cornide, pois podemos encontrá-la, como já foi dito, em Feijó, em Sarmiento^[2] e até em contemporâneos alheios ao reino como Ribeiro dos Santos ou, ainda mais claramente, no conde de Campomanes, que na sua memória de 1791 *Reflexiones sobre la formacion de un Onomastico dela baja é infima latinidad* afirma com toda rotundidade que “Durante Nuñez de Leon escribio sobre la ortografia y origenes de la lengua portuguesa, y como este es un Dialecto tomado del Gallego, quanto escriban los portugueses es adaptable a los Gallegos y a su dialecto actual con mui cortas variaciones que conviene advertir”.

7. Conclusões

Para o caso específico de Cornide, o nosso estudo conclui que existe uma vinculação estreita com Portugal através da presença física no país, do estudo pormenorizado do seu património, das leituras e do seguimento da sua atualidade política e da incorporação de agentes portugueses ou residentes em Portugal na sua rede de relações, que tem uma manifestação direta no seu trabalho de defesa do Reino da Galiza, plasmado particularmente na elaboração do *Catálogo de Palabras Gallegas*. Este catálogo não incorpora apenas o Dicionário de Bluteau como material de trabalho, mas assume como referente e padrão interno para a elaboração de um glossário galego.

Do ponto de vista mais geral, dos estudos do processo de construção identitária em um contexto como o galego, a conclusão principal é que a função de Portugal como referente na elaboração de uma identidade linguístico-cultural deve ser considerada também na análise de períodos

.....
PORTUGAL COMO
REFERENTE NA GALIZA DO
SÉCULO XVIII.
O CASO DE JOSÉ ANDRÉS
CORNIDE
.....

Raquel Bello Vázquez

² É bem conhecida a passagem de Sarmiento “la lengua portuguesa pura no es outra que la extensión de la gallega” (Sarmiento 1974: 30).

prévios à elaboração teórica ou política do galeguismo. Ainda deste pondo de vista, a existência de instituições legais em vigor, embora muito desprovidas já de competências, como a Junta do Reino da Galiza, e a consideração do território galego como “Reino”, parece ter permitido uma identificação dos seus naturais com um território específico e diferente – embora não contraditório – do da Coroa espanhola. Assim o recolhemos em numerosas referências na correspondência de Cornide ou no seu interesse por delimitar muitas das suas pesquisas ou ensaios ao território específico do reino.

Finalmente, quanto à elaboração da imagem do galego e do português na Galiza do século XVIII, mais pesquisa é precisa para verificar de maneira sistemática o posicionamento de diferentes agentes galegos neste período, mas vão aparecendo evidências que mostram em Cornide, em Sarmiento, em Feijó e talvez noutros que Portugal funcionou como uma importante fonte de legitimação.

CULTURA PORTUGUESA E LEGITIMAÇÃO DO SISTEMA GALEGUISTA. HISTORIADORES E FILÓLOGOS (1880-1891)

Elias J. Torres Feijó

1. Propósito

AO LONGO DAS SEGUINTE PÁGINAS TENTAREMOS MOSTRAR COMO NAS BASES DO GALEGUISMO OCUPA DESDE OS SEUS INÍCIOS UM LUGAR PREFERENTE O REINTEGRACIONISMO CULTURAL (E A AMEAÇA DO POLÍTICO) COMO ALICERCE DA LEGITIMIDADE DE EXISTIR E REFORÇO DA PRÓPRIA IDENTIDADE E DA SOBERANIA CULTURAL; nomeadamente, qual o papel que, nessa configuração, vão desempenhando determinados pensadores lusos; como também os diferentes graus com que o reintegracionismo foi apresentado e como impediu que o galeguismo não acabasse, até hoje e pelo menos no plano cultural, definitivamente regionalizado no sistema espanhol^[1].

41

.....
CULTURA PORTUGUESA
E LEGITIMAÇÃO DO
SISTEMA GALEGUISTA.
HISTORIADORES E
FILÓLOGOS (1880-1891)
.....

Elias J. Torres Feijó

¹ Para a noção de sistema *vid* Even-Zohar (1990). Sobre este assunto e época, e de uma perspectiva de conjunto, têm trabalhado, entre outros, Pilar Vázquez Cuesta (1991 e 1995), Ramón Villares (1983) e Núñez Seixas (1992; reproduzido em 1993). A minha tese de doutoramento, inédita (Torres Feijó 1995), foca principalmente o período 1888-1907.

2. A precariedade do sistema galeguista

O sistema cultural galeguista funcionou em condições de extrema precariedade durante muitos anos; ainda hoje não podemos propriamente falar de um sistema cultural autónomo.

Na fase inicial do regionalismo, década de 1880, essa precariedade estende-se a todas as partes do sistema (utentes, mercado, instituições, repertório utilizado, etc.). Como refere Alonso Montero (1970: 27): “Resultaría pueril buscar en este periodo libros científicos, periódicos, diarios, grandes tratados históricos o ensayos críticos. Hasta los más entusiastas redactaban sus cartas en castellano”^[2].

O mercado é quase inexistente; algumas revistas e associações efémeras ou pouco atuantes são toda a sua institucionalização; a língua própria da Galiza está fortemente castelhanizada^[3] e ausente de qualquer âmbito público; os seus falantes, que não pertencem aos sectores sociais que nutrem as magras fileiras do galeguismo, são na maior parte analfabetos. Era assim difícil reconhecer uma comunidade linguística com um Portugal longínquo; além do mais: só em meados da década de oitenta, e muito lentamente, vai ser conhecido o prestigiado património comum dos Cancioneiros medievais. As tentativas de recuperação enfrentavam o auto-ódio de uma população habituada a sentir o galego como um dialeto do espanhol ou como um linguajar rústico e inútil, cuja reivindicação, aliás, era crime lesa-progresso e contra a unidade pátria espanhola. Mesquinha bagagem, certamente.

2.1. Os cavalos de Tróia

Mas alguns desses “males” estão na raiz do movimento: nem todos os grupos postulavam a suficiência sistémica, pretendendo alguns um subsistema galego do sistema espanhol, como periferia ou como

² E a situação não ia melhorar nos anos seguintes (*cfr.* os dados recolhidos pelo regionalista liberal Carré Aldao na *Revista Gallega*, n.º 199, de 1 novembro de 1899).

³ Como se verá, o uso do idioma galego por parte dos galeguistas era pouco (principal exemplo do que denomino défices projetivos), deturpado e castelhanizado. Apesar disso e da complexidade, nem sempre etimológica, da ortografia portuguesa, uns e outros sentiam os seus códigos como pertencentes à mesma língua.

construto da unidade superior. De entre estas atitudes salienta-se a que designo de “cavalos de Tróia”: intelectuais postuladores da subalteridade que, colocados no sistema espanhol, se reclamam igualmente pertencentes ao galego e até dele líderes, e cujas críticas aumentam ao ritmo dos tímidos avanços autonomistas. Pardo Bazán é a representante mais característica dessa atitude, e o seu melhor compêndio *De mi tierra* (1888), livro onde, no que diz respeito ao caso que tratamos, defende a literatura espanhola (referente de oposição galeguista) como superior à portuguesa (referente de reintegração) (para ambos os conceitos *vid.* Beramendi 1991), e em que combate “lo que en el terreno político representa la literatura regional” e manifesta as suas “dudas acerca de su utilidad y porvenir” (Pardo Bazán 1888: 9), provocadas por (Pardo Bazán 1888^a: 43):

- 1^a: Lo mucho que complica el estudio y conocimiento de una literatura nacional su división en varias lenguas. - 2^a: La limitada esfera de acción que corresponde á las obras literarias cuando sólo pueden ser debidamente apreciadas en un territorio circunscrito y dependiente. - 3^a El carácter arqueológico de los renacimientos regionales. - 4^a Su forzoso exclusivismo y condición en cierto modo negativa. - 5^a: El impulso inevitable de toda nacionalidad á extinguir los dialectos y á que prevalezca el más perfecto y general de entre ellos, que constituye la lengua patria^[4].

Pardo Bazán, cujo prestígio e influência a tornavam quase inatacável, pedirá ao poeta galego [em um texto em que defende a poética de Lamas Carvajal frente a outras manifestações galeguistas (“El olor de la Tierra”, Pardo Bazán 1888b: 53-71)], enfim, “que sus versos parezcan pensados y sentidos por un aldeano; ó, al menos, que no haya en ellos cosa que contraste ó desafine de chocante modo, ni donde el escritor urbano, que lee periódicos y discute en cafés, asome la punta de la oreja” (Pardo Bazán 1888: 59). Para tudo o mais lá estava o sistema espanhol^[5].

⁴ “La Poesía Regional Gallega. Discurso presidencial, leído en la Velada que, para honrar la memoria de Rosalía Castro, ha celebrado el Liceo de Artesanos de la Coruña, el día 2 de Septiembre de 1885” [Pardo Bazán 1888: 1-47] (que, diga-se de passagem, mais parece o combate a qualquer possibilidade separatista do que elogio à poeta).

⁵ Pardo Bazán não está sozinha...; na galeguista revista *Galicia*, aparece em junho de 1888 um artigo de J. de Arévalo, antirregionalista, a elogiar a sua posição.

O carácter *essencialista* de muita da produção regionalista colocava o sistema em uma importante fraqueza competitiva a respeito do seu referente de oposição. O repertório galeguista privilegiado por alguns escritores era extremamente conservador, reagindo a toda a inovação, e ficava ainda reduzido nas suas possibilidades expansivas, dada a centralidade que o elemento folclorizante (humor, costumes, etc.) ocupava.

O galeguista Pardo Becerra sintetiza esta situação em 1889 (*A Monteiro*, nº 4, 26 de outubro):

E unha proba crara e completa de qu'o linguaxe gallego non s'hacha n-o seu estado natural, é a falla d'obras que sirvan, de verdadeira instrución. E certo qu'a poesía gallega, d'un tempo á esta parte, adquiriu grande vô, pro esto mesmo, este intrés soilo pol-a poesía, y en particular pol-a humorística, é causa de que moitos non lle dian ô gallego a estima que lle corresponde.

3. À procura da legitimação: cultura, história e política no movimento galeguista, um sistema sitiado

A diversidade de perspetivas sobre o que o regionalismo cultural devia ser, estava naturalmente interrelacionada (nem sempre de maneira linear) com as políticas. No caso de grupos reivindicadores de especificidades, sobretudo nacionalitárias, ressalta com maior evidência a interação entre os campos cultural e o do poder e o espaço social (para estes três conceitos *vid.* Bourdieu 1991), e o *locus* privilegiado (*cfr.*, por exemplo, as primeiras palavras transcritas de Pardo Bazán) que as manifestações culturais ocupam quando interditos os objetivos políticos, sociais, económicos, etc. (e politicamente o panorama era ainda mais desolador, salvo contadas exceções, entre as quais alguma fraca organização política e algum vereador na Câmara de Santiago de Compostela). Vejamos como Ramón Máiz (1984: 44) apresenta a questão:

A cultura entendida (...) como autêntico “espírito do pobo” historicamente cristalizado, baixo o influxo do posromantismo, conleva todo un amplo abano de elementos que rebasan con moito o seu campo orixinário para se proxectar nunha perspectiva nacionalitária mais ampla, de potenciación e explicitación dos elementos diferenciais que integrarán o substrato sobre o

que se erguerá a conciencia nacional, en toda a sua dimensión articulante político-ideolóxica (...)

Os elementos culturais non deben ser reducidos de nengun xeito a mera inmadurez pre-política do rexionalismo, simple etapa mecanicamente precedente á mobilización política. Pola contra, suministrarán ao mesmo tempo o núcleo fundamentador da Galiza como comunidade diferenciada, a matriz agregadora desa comunidade por riba das diferenzas internas, desenvolvendo unha funcionalidade directamente xenético-nacionalitária. (...) En definitiva, o rexionalismo (...) vai constituir unha específica síntese de elementos culturais e políticos diversos (...). Neste orde de cousas, a funcionalidade desempeñada polos Xogos Florais no conxunto do movemento rexionalista resulta paradigmática de todo o devandito.

Também costuma ser comum aos movementos identitários a sua vontade de legitimar-se (de “ter-a-razão”), tanto internamente como também perante o seu referente de oposición, o qual asentava, para o galeguismo, na defensa de uma histórica especificidade da nação galega, como indica Beramendi (1995: 201 a 205):

Desde unha perspectiva orgánico-historicista (...) a historicidade funciona (...) en primeiro lugar, como criterio de verdade da existencia da nación galega (...). Definida a nación en xeral como organismo étnico xerado pola historia, abonda constatar a antigüidade da etnia galega para que fique demostrado que Galicia é nación. [...]

[...] En segundo lugar, a historicidade actua como un dos fundamentos principais da lexitimidade das reivindicacións nacionais e do propio movemento nacionalista.

Legitimar-se em um passado quase desconhecido levará a invenções motivo de troça; explorar mitos para preencher o imaginário nacional será recebido como um disparate quando todos os Estados-nação da época já os tinham incorporado e neutralizado como elementos da maior naturalidade.

Não é raro surgirem problemas fundamentais de situação e definição a respeito do sistema espanhol, provocando o conflito quanto ao grau de autonomia desejado; isto, aliás, no caso galeguista, abrirá uma importante frente de debate: se não se configurar como um subsistema

do espanhol mas como autónomo, a autonomia pode ter como hipótese consequente o seu relacionamento com o sistema português até se transformar em um único sistema intercultural.

Das três correntes que atuam no regionalismo desta época (e que nela conhecem um relativo grau de unidade de princípios^[6]), a tradicionalista, a federalista e a liberal, apenas esta última – concentrada em volta de Manuel Murguía e, pelo menos no campo cultural, a mais vigorosa e germe do futuro Nacionalismo Galego – vai trabalhar na procura da soberania sistémica galega^[7]; para isso, provocará continuamente o debate, fazendo passar a filologia e a historiografia (e a mitografia) para primeiro plano da sua atividade: “Galicia busca en la historia la legitimidad de sus nuevas aspiraciones. Por eso los primeros regionalistas fueron los historiadores”, afirmará o próprio Murguía (1889: 238).

Sistema sitiado, cuja comunicação com o resto do mundo é feita quase necessariamente através do sistema espanhol (perante o qual os seus inimigos ou o colocam como inútil, ou então tentam reduzi-lo à marginalidade), procura em investigações e clássicos lusos um dique de contenção: partilhando etnia e língua com Portugal, se o português não pode ser impugnado como sistema (o que nem sempre será dado assente para alguns...), tampouco o sistema galeguista. O Portugal soberano é arma de arremesso galeguista frente ao unitarismo espanhol e as identidades que a Galiza mantém com ele abrem a possibilidade de aquela acabar unida cultural e até politicamente a Portugal; isto constituirá, genericamente, o “perigo português”^[8].

⁶ Vid. Máiz 1984 e a síntese onde Beramendi [1982] se refere ao moderantismo de Murguía trás a experiência da Primeira República Espanhola e à debilidade das forças regionalistas.

⁷ Nem o tradicionalismo de Alfredo Brañas, vinculado por vezes ao carlismo, nem o regionalismo federal, representado pelo luguês Aureliano Pereira, postularam a auto-suficiência sistémica da cultura galega; contra o que pudesse parecer e também contra a opinião de algum com justiça reconhecido historiador (por exemplo Ramón Máiz [1984] na sua magnífica obra sobre o regionalismo galego) os regionalistas federais nunca admitiram pôr em causa a unidade sistémica espanhola.

⁸ O termo “perigo português” cunhou-o Castelao em *Sempre em Galiza* (Castelao 1992: 336) como resposta galeguista ao “perigo espanhol”, eventual ameaça da Espanha à soberania portuguesa; como “peligro” aparece, em 1889, em palavras de Murguía; como possibilidade galeguista de *passar-se a Portugal*, já em Teófilo Braga e em toda a década de 80 do século XIX, como veremos.

4. A origem do perigo português: Teófilo Braga vs. Emilio Castelar (e um jovem Leite de Vasconcelos); primeiras consequências

A fonte do *perigo* foi muito possivelmente o *Parnaso Portuguez Moderno* de Teófilo Braga (editado em Lisboa por Francisco Arthur da Silva), que o polígrafo deu à luz em 1877 e cujo assunto é a nacionalidade étnico-literária galego-luso-brasileira (“Portugal, Galliza e Brazil tão separados pelas vicissitudes políticas, conservam ainda inteira a sua unidade ethnica na tradição litterária” [Braga 1877: LIX]).

Braga (1877: XXXVI) considera a Galiza “um fragmento de Portugal, que ficou fóra do progresso de nacionalidade”, e que, “apesar de todos os esforços da desmembração política”, “não deixou de influir nas formas da sociedade e da litteratura portugueza”. E, ao combater o estereótipo galego em Portugal, que atribui a uma perda de memória histórica dos portugueses, é ainda mais definitivo (Braga 1877: XXVIII):

As povoações do Alemtejo chamam *gallegos* a todos os moradores do Ribatejo, pela transmissão inconsciente de uma tradição perdida. Isto bastará para explicar o assombro que deve causar aos conterraneos o vêrem a poesia moderna gallega ocupando um lugar devido ao lado da poesia portugueza, como uma das suas formas arcaicas; seguimos o vigoroso criterio scientifico, deixando as preocupações vulgares.

Nesse mesmo ano, meses mais tarde (o que vai da primavera ao outono) a revista *Nós* (o projeto cultural mais importante do galeguismo do pré-guerra) que ele cofunda com, entre outros, Daniel Castelao, abre o seu número 1 com um poema do amarantino, “Fala do Sol”, dedicado “Aos jovens poetas galegos”. Na secção “Os homes, os feitos, as verbas”, que constitui a introdução e glossa do amarantino, afirma-se: “NÓS quixo que o seu pirmeiro número fora honrado c’unha páxina inédita do grande e amado Mestre”. E, nesta epígrafe “Teixeira de Pascoaes e Nós” lê-se ainda:

Temos a Teixeira de Pascoaes coma cousa nósá, e n-as nósas internas devociós témol-o moi perto da santa Rosalía e de Pondal, o verbo da lembranza. Teixeira é o Revelador da Saudade: «ise sentimento que dou forma ó nóso lirismo, ise sentimento qu’esta n-a febra das nósas almas e dos nósos corazós», según a espresión do Cabanillas. Sentimento do que Teixeira fai a Ética trascendente de dous pobos irmaus... Viqueira sintetizou n-esa verba a psicoloxía galega.

(...) N-as suas verbas, cheas do sentimento relixioso da Terra e da Raza, a y-alma lírica da Lusitania vírase pra Galizia buscando n-un Pasado común, a emoción da nósá solidaridade fraterna.

E, citando-se palavras do próprio Teixeira de Pascoaes, em carta dirigida a Risco, transcreve-se:

Temos de voltar a viver espiritualmente em común. Assim o exige o destino das nósas Pátrias que ainda não está cumprido. Esse destino é como disse muito bem a criação da Civilização atlântica...(...) o nosso sentimento saudoso (galaico-lusitano) inclue uma nova e original maneira de encarar a Vida e o Universo.

E prossegue o texto responsabilidade dos editores da revista: “Teixeira de Pascoaes é nóso, nóso pol-o sentimento, se non-o fora coma íl dí «no sangue e na alma». E Teixeira de Pascoaes é o meirande poeta da Iberia”.

Talvez, o diferente teor das publicações, uma virada para a fundamentação política do nacionalismo e *Nós* dedicada à política cultural, explique a passagem em breve prazo da ausência de referência a Pascoaes a esta quase sua onnipresença. O caso é que agora Pascoaes é consagrado como mestre e a Saudade constitui o principal alicerce da teorização e, note-se, da ação nacionalista.

Ausente em Villar Ponte, Teixeira de Pascoaes (e, logo, a de pensadores como Leonardo Coimbra, e a de poetas como Alexandre de Córdova) aparecia, em muito pouco tempo, como fundamental e, em parte, como linha de força constituinte do nacionalismo galego. A elaboração fora rápida. Tinha como pioneiros Porteiro Garea e Johán Vicente Viqueira e como definitivo condensador Risco, e como teorizador poético o já na altura denominado “Poeta da Raza”, Ramón Cabanillas (1920), a quem Risco alude nos textos prévios referindo-se ao seu discurso de entrada na Academia Galega naquele mesmo ano de 1920.

O termo saudade era uma reintegração galeguista: uma palavra que não estava no uso quotidiano na castelhanizada Galiza; uma palavra que puxou outras, como *além*. E o Saudosismo era uma importação galeguista, nacionalista já, do movimento iniciado anos antes em Portugal. Termos e pensamento constituíam nessa data marcante de 1920 um conjunto repertorial central na elaboração de ideias nacionalista galega: um conjunto de fórmulas, regras, materiais e modelos para produzir ideias sobre a Galiza e, para através delas, construir uma produção literária e ensaística central no mundo galeguista, que mesmo reforçasse a ação política e a sua legitimidade essencial. Um conjunto para ver, classificar e atuar no mundo, no próprio mundo galego. Que servia para defini-lo. No mesmo ano, Pascoaes dedica à Galiza a segunda edição do *Maranus*: será célebre a dedicatória dela, que conhecerá várias versões, feita sobre o poema originário que Leite de Vasconcelos em 1902 elaborara com motivo de uma visita à Galiza e publicada na *Revista Gallega* (e, talvez, inspirada em um texto prévio de Bernardino Machado). Nessa edição de *Maranus* lê-se:

Galiza, terra irmã de Portugal
Que o mesmo Oceano abraça longamente;
Berço de brancas névoas refulgindo
O espírito do sol amanhecendo;
Altar de Rosalia e de Pondal
(...)

Quando Leonardo Coimbra, o filósofo do Criacionismo e o Saudosismo, visite a Corunha em setembro de 1921, com o Orfeão do Porto, Alexandre de Córdova, Octávio Sérgio e João Peralta, o evento será o de maior extensão informativa em toda a história de *A Nosa Terra* até à Guerra Civil de 1936-1939. Teixeira de Pascoaes estará presente em inúmeras e variegadas publicações da Galiza. Um novo objetivo estava consolidando-se por esta via: o da construção de um intersistema luso-galego.

A Saudade, como elemento repertorial e bem cultural definidor, foi poderosa e central; mesmo os escritores mais inovadores e menos essencialistas da Galiza em termos de conceção e repertório literários, como Manuel Antonio, aceitaram o magistério de Risco e incorporaram elementos saudosistas aos seus textos ou até algum, como Amado Carballo, produziu versos existencialistas intitulados “Saudade” (*Proel*, 1927); artistas da vanguarda como Álvaro Cebreiro nutriram autêntica devoção pelo mestre. O Saudosismo esteve presente em autores galeguistas de todas as tendências: de Otero Pedrayo (*vid.* Bello Vázquez 2000) a Cunqueiro, de Jaime Quintanilla ao absolutamente *pascoalista* Noriega Varela ou ao já citado caso de Ramón Cabanillas. E ela está em linhas e movimentos partilhados com Portugal, como o denominado Neotrovadorismo, que tinha Bouza Brey como cabeça mais visível (López Fernández 1991).

Por que esta importação? Que espaço vinha a preencher ou a substituir? E, do ponto de vista enunciado neste trabalho, por quê se fala tanto em Portugal da Galiza com motivo da Saudade, e nada se fala ou quase com motivo da galega Inês de Castro ou até da língua? E por que é sobre uma base filosófica que se fala?

Convém começar por advertir que (Torres Feijó 2010), frente à normalidade secular da cultura portuguesa, a elaboração de um sistema cultural galego corre paralela à evidência de uma formulação explícita de autonomia política, nos seus diversos graus até à independência.

Não é possível explicar esse processo e as relações culturais galego-lusas, se esquecermos o funcionamento permanentemente político da ação de agentes e grupos galegos e as classes de relações estabelecidas entre agentes e grupos galeguistas e os procedentes de Portugal, também na procura da constituição de um intersistema; e o carácter de *locus privilegiado* que a expressão literária e cultural tem em casos em que a expressão política está interdita ou é muito pouco rendível.

Para explicar a presença e sucesso do Saudosismo na Galiza, convém fixar os postulados galeguistas em relação a Portugal. Se escolhermos um dos momentos genéticos e ao mesmo tempo sintéticos da construção identitária galeguista, os Jogos Florais de Tui de 1891 e, mais em concreto, o discurso do líder galeguista do século XIX, Manuel Murguía, podemos observar as seguintes linhas de força em relação a Portugal (Torres Feijó 1999):

- a) A comunidade linguística determina a existência de um intersistema galego-luso-brasileiro e legitima a diferente nacionalidade.
- b) Camões, pela sua origem e escrita, é também património galego; as glórias galaicas, de que beneficiam os dois povos, e a comum origem literária reforçam a unidade.
- c) Portugal e a Galiza partilham a lírica popular, essência fundadora da nacionalidade.
- d) A unidade linguística legitima a patrimonialização galeguista de Portugal.

A esta procura de vínculos fundadores e ativáveis com Portugal somar-se no futuro a Saudade e o Saudosismo. Repare-se em que nenhum dos factos invocados por Murguía tem carácter essencial e instrumental, intrínseco e praticável ao mesmo tempo, para o conjunto da comunidade. Nenhum é passível de ser objeto programático e de reflexão para o campo intelectual como característica inerente. Podia sê-lo, por exemplo, o celtismo, que é invocado repetidamente por Murguía, mas ele não abrange todo Portugal e não é sentido da mesma maneira como nuclear por parte dos parceiros intelectuais lusos, embora personalidades como Oliveira Martins (1881) sustentassem o carácter celta do povo português. Certamente, a palavra Saudade não aparece no discurso murguiano nem no galeguista até aos finais da década de dez. Mas, ao aparecer, tem um importante conjunto

repertorial a que vincular-se, caso dos enunciados referidos à lírica popular, à fatalidade de alma de que fala Murguía neste discurso, ao Medievalismo galego ou a Inês de Castro, fatores todos que podem acolher no futuro formulações saudosistas. Da alma nacional fala o próprio Martins na carta em que se desculpa por não poder assistir aos Jogos a que fora convidado, publicada no número 5 de *La Patria Gallega* daquele ano, ao afirmar que ela é “vibrantemente” pulsada nos *Cantares Gallegos* de Rosalía, que será elevada, como vimos, a Santa da Saudade.

Anos mais tarde, a Saudade e o Saudosismo vão conhecer um impulso que os levará a um dos centros do sistema cultural português, no seu campo de produção restrita, da mão da Renascença Portuguesa e Teixeira de Pascoaes. A Saudade será motivo poético e de comentário galego-português nos periódicos do norte português, particularmente nos regionalistas e muito especialmente com João Verde (Torres Feijó 2010) e será objeto também de reflexão erudita, em Carolina M. de Vasconcellos, em Pascoaes, em Claudio Basto, em Bell, etc. Com o debate sobre o Saudosismo, a referência à Galiza torna-se incontornável, e a inerência saudosista da Galiza também, como se reflete na polémica entre Sérgio e Pascoaes, iniciada por aquele na sua “Epístola aos saudosistas” (*A Águia*, nº 22, outubro 1913, p. 100).

O Saudosismo aparecerá então na Galiza com o movimento nacionalista, fazendo parte e justificando-se intrinsecamente como parte da renovação repertorial que ele mesmo postula. Na construção essencialista que já vimos, ele é um elemento explicativo da terra e da biografia coletiva galega, motor e produtor de ideias para o presente, frente ao mais marcado carácter instrumental da língua e ao lado do nem sempre facilmente invocável carácter rácico (“a raza non é tansiquera un siño diferencial da nacionalidade”, dirá Castela [1992: 41]). Ele é, igualmente, apresentado como um modo de conhecimento, singular e específico, muito na linha das reflexões filosóficas da altura, em que o intuicionismo e teorias do conhecimento tendo como base o sentimento estavam presentes no mundo ocidental com força e faziam parte da formação de nacionalistas como Vicente Risco. Quando esse galeguismo quer argumentar e atuar essencialistamente, defendendo a sua diferença e a sua singularidade e, ao mesmo tempo, o seu vínculo com Portugal, é de extrema utilidade. Daí, a pertinência e a lógica que ele oferece à *Teoria do Nacionalismo Galego* de Risco, depois acompanhada pela maior parte dos teóricos nacionalistas.

O Saudosismo, foi também contestado, sobretudo por determinados elementos jovens, como Rafael Dieste, em 1927, que censurava o que julgava a sua feição paralisante, não devotada para a ação e a inovação, embora ele o incorporasse também. Dieste, que julgava ter sido um dos erros “dos nosos mestres” afirmar a “urxencia de edificar unha cultura partindo da morriña e demais afagos do repertorio triste”, como escrevia nas páginas do *El Pueblo Gallego* (Dieste 1981 [1927]: 103)^[5], assinava nesse ano um texto com Otero Espasandín, outro jovem da vanguarda, que se apresentava reflexivo e programático sobre o porvir da Galiza; a crítica implícita ao saudosismo como paralisante assoma com maior evidência ao reiterarem a vontade como força motriz frente ao discurso dos “precursores” (Dieste e Otero Espasandín 2006 [1927]: 103-104):

A unidade interna de Galicia ten que ser a nosa mira primeira. Ela ten que marcarno-los designios máis elementais. Galicia existirá plenamente cando o seu corazón, animado de fonda cobiza, teña un resoante latexar. Non abonda que falen uns poucos. As nosas interrogacións, para seren fructuosas, teñen que inquedar o palio da conciencia.

Deica hoxe as palabras enxebriismo e galeguismo acubillaron case sempre ideas enguedelladas, en pugna co espírito de hoxe, que non atopa acougo nas vagalumes líricas dos nosos precursores. É mester que asubie o vento no pentagrama das nosas normas.

A falla de unidade equivale a nos condenar ao descoñecemento de nós mesmos en conxunto. Dunha entidade singular ou colectiva soio se pode dicir que “actúa” cando chegou a esa unidade, condición do propiamente activo. Non temos aínda por qué dar creto a ises cantores do mol que queren faguer da saudade e da morriña as nosas primeiras e mellores notas.

¿Cales son os factores que se opoñen á unidade galega, ao esclarecemento do noso estilo?. Parécenos que son: O individualismo sen antenas. Pobreza de fe no noso destino, quizáis por causa do concepto enfermo que de nós mesmos temos. O non obxectivar, cada individuo ou entidade, o seu ideal, faguendo dil algo empregado “fora”, algo do que un mesmo é instrumento sen deixar de ser fin. A organización da propiedade, feito que encadea as almas labregas coas argolas que estreman as leiras.

⁵ A este texto alude também Derek Flitter (2000), tratando da construção identitária galeguista nesta altura, com alguma confusão entre as várias acepções da palavra saudade.

Eis o problema da nosa mocidade contrapor a isas forzas negativas un grito de xubilosa vontade. Dempois de ben desenguedellado o pensamento, vimos sempre a parar a ista verba: vontade. Non hai recetas revesgadas nin conxuros artificiosos. Todo fica no fío – remate e comezo – do querer ser.

Otero Espasandín é aínda mais explícito no seu sentido antissaudosista e, daí, também antirrisquiario, neste texto do mesmo ano, reveladoramente intitulado “Artigo pra Mocidade”, publicado nas páginas 1 e 2 do *El Pueblo Gallego*, em 1 de março do mesmo ano 1927, o jornal do influente político Portela Valladares, que, juntamente com o *Galicia*, eram os periódicos diários que albergavam a produção galeguista. “Un terco alonxarse dos feitos e das cousas levou òs homes”, diz, “nas datas pasadas, ò desacougo de moitas teorías”. “Todol-os choromicas foron enfermos. O romanticismo foi unha praga. O misticismo outra” (Otero Espasandín 2006 [1927]: 108), prossegue, para, aludindo a Dieste e à nova geração, deixar esta sentença abertamente formulada:

96

.....
PORTUGAL E(M) NÓS
.....

Contributos para
a compreensão do
relacionamento cultural
galego-português

Amar os feitos i-as cousas e non as teorías – o dito – vagariñentas. Fuxamos d’elas coma do lume. Fuxamos tamén da: “ideoloxía, saudade, ética, fe, alén”. Proa a outras ribeiras. Fuxir dos remuíños.

O poeta baixou do tellado. O corvo de Pöe, d’ollos afundidos na noite, – mutación – trocouse en lagarteiro d’ollos de punta. Astra lle gustan as froles de papés, restas d’allos, culleres... pra pintar e faguerlle poemas. Baixou do tellado pra vel-o mundo. (Porque xa non chora, nin escribe poemas c’unha leición moraloide pr’as fillas de María, din os probes diaños que fuxe da natureza. Porque non pon no mundo o espantallo a raudearse do seu “mundo interior” din os pobres diaños que fuxe da natureza).

E, para concluir:

A nosa xeneración é a chamada pra escachifollar a casca baildeira das verbas: “Ideaes, morriña, fé..., [en troques de revoar atordoados na casca d’ovo das verbas os novos espíritos cravarán as trompas con ledicias, nos neitarios da realidade].

Rapaces, saímos a descubrir Galicia. A d’onte, a dos poetas, escultores, pintores da raza; a da saudade, rebeldía, alen..., quedou pra mercar – todo a 0,75 – medallas nas eisposicións nacionais. Pra que os nosos poetas,

escultores, pintores... da raza solten bagullas coma puños. Pra que os críticos - Alcántara, Francés, Méndez Casal, Sánchez Cantín... - teñan tópicos con que lle fagueren o amor as ilustres corporacións, diputaciós, casinos, irmandades..., da nosa terra. Da terra meiga - como eles dín. Rapaces: o dito (Otero Espasandín 2006 [1927]: 109-110).

Esta clase de críticas pode adscrever-se aos procesos de mudanza nos campos literários e culturais, na procura de modificacións das posicións e funcións de agentes e grupos. No caso concreto do campo literário da altura, revelam que o protossistema galeguista aumentava em pluralidade e integrantes e que, ao mesmo tempo, a saudade constituía, para algúns, um repertório pasado e/ou inservíbel. E é este carácter de inutilidade para a acción, que trascende (como acontece em situacións em que a cultura ocupa *locus* privilegiado da expresión política) o campo cultural ao campo do poder, o que fará que Saudade e Saudosismo deixem de ter a virtualidade de ferramenta que nos inicios teóricos era postulada pelos líderes nacionalistas. Nos anos seguintes, a mesma acción política derivada da Segunda República española (1931-1939) fará que a Saudade perda posicións centrais no repertório de elementos e modelos galeguistas.

Expressão notável disto todo é o libro que virá substituir o de Risco como manual capital do pensamento nacionalista, já no após-guerra: *O Sempre en Galiza*, de Daniel Castelao. Na súa obra, a palabra saudade, plenamente integrada no repertório galeguista e, já, galego, aparece em várias ocasións, por veces aludindo aos emigrantes de além-mar, outras já ao conceito como elemento consubstancial do ser galego, tal e como fora elaborado entre 1918 e 1920, em algum caso ensablado as duas vertentes. Falando dos catorze marinheiros galegos que traballan no barco em que escribe diz que eles (Castelao 1992: 229):

So pretesto de necesidades materiaes, emigraron para satisfaceren anxeios metafísicos e compriren os destiños da nosa raza viaxeira, magoada de saudades e ao mesmo tempo enraizada no chan nativo. Quén sabe se a saudade galega non será outra cousa máis que a loita de dous anxeios incompatibles: o de estar e non estar na Terra!

O significativo é, no entanto, que na primeira oportunidade em que no livro Castelao alude à Saudade, com letra grande, é para dizer que a “Galiza quer liberdade porque non hai povo en Hespaña con máis fé no seu futuro”, e para afirmar (Castelao 1992: 34): “As nosas esperanzas no[n] caben nos lindeiros da razón. Mataremos, se é preciso, a Saudade; porque a Saudade **cicáis** sexa unha esperanza entristecida, ladroeira de aicións”.

Carreguei a palabra cicáis (quicá) para expressar nesse matiz, enunciado como provável, o facto de o principal referente de todo o nacionalismo galego duvidar (já?) de que a Saudade pudesse ser um elemento ativo para a ação, no contexto de um livro elaborado depois da Guerra Civil e do exílio, em que muitos galegos e galegas padeceram ou estavam padecendo. É um comentário escrito logo depois da primeira grande experiência traumática de corte e negação vividas por um galeguismo ascendente até 1936. Isto não empece que Castelao considere como principal signo diferencial da psicologia galega a Saudade, na esteira dos saudosistas fundadores galegos (Castelao 1992: 52):

O signo diferencial da psicoloxía galega está, principalmente, na Saudade. Esta verba é coñecida dos hespañoes; pero somentes nós sabemos o que significa. Este significado ninguén acertou a expresalo; nin siquiera Rosalía de Castro, que foi o corpo mesmo da Saudade. Pero a Saudade existe e anda sempre connosco.

E, mesmo, não é obstáculo para que julgue a Saudade como antídoto contra a desesperança, ao ter *Além* [sic, em itálico, revelando no uso (orto-)gráfico, o carácter importado do conceito], em um trecho em que, como já outros galeguistas fizeram, entre eles Plácido R. Castro, a quem cita, Castelao volta unir Saudade e origem celta, vinculando esta com as outras denominadas nações celtas, entre as quais não deixa ausente, com alguma ambiguidade, Portugal (Castelao 1992: 355). Ele dedica várias páginas do seu *Sempre en Galiza* a tratar o assunto da Saudade e desenvolver o conceito de Morrinha como consciência daquela (pp. 355-357) para concluir, naquele cenário bélico, prolongado pela Segunda Guerra Mundial:

(...) quen sabe se a Saudade – orixinariamente “soedade” – non será máis que a Morriña! A este propósito lembraremos que alguén quixo explicar a Saudade como unha lembranza esquecida da remotísima tristura que nos causou o afundimento da Atlántida...

Sexa o que sexa, a Saudade eisiste, e portugueses e galegos somos escravos d-ela. E aínda que Portugal e Galiza non tiveran outros vencellos étnicos, nin outros estímulo comúns que os do lirismo saudoso, abondaríanos para que cesase o arredamento en que vivimos, morréndonos de soidade morriñosa. N-esta zozobra do mundo, Portugal e Galiza deben sentirse animados por una decisión inédita e confluyente, reitificando os erros da historia e transfigurando novamente a Saudade en Aición. Sóio así ouviremos bater as azas da Vitoria sobor das nosas Terras.

Os últimos trechos citados correspondem ao capítulo que Castelao dedica à Saudade (pp. 352-357), comezando por caracterizá-la como (p. 352) “o sentimento que abrangue a Portugal e a Galiza n-unha soia eternidade”, mas colocando o saudosismo, “(nome que Teixeira de Pascoaes deu à relixión da Saudade)”, e “non a Saudade”, como estado morboso “do Portugal de Camões e da Galiza de Rosalía, creado pol-a soedade en que vivimos os galegos e os portugueses, e que terá curación o día que se borre a fronteira que riscou Alfonso VI”.

Castelao enuncia, así, a Saudade e o Saudosismo como vínculos e pontes galego-portugueses, alargando a consideración de elemento espiritual común, de vertebración cultural, de característica identitaria à acción política de procura de un espazo reunificador. Lembre-se que a conclusión do libro reclama una Ibéria unida com Portugal, onde a Galiza seja a chave entre os dois estados (Castelao 1992: 477) e que é constante a expresión do desejo de o conxunto galego-portugués poder, uno, exercer plenamente o seu desenvolvemento cultural e social. Castelao discorre nestes parágrafos sobre o carácter espiritual da Saudade para galegos e portugueses, apoiando-se em Pascoaes, Castro ou Nóvoa Santos, e, a partir da frase do poeta luso, “Galiza é un bocado de Portugal sob as patas do leão de Castella”, que cita, afirmar que a Galiza, “n-efeito, vive en cautiverio” (Castelao 1992: 354), “Pero a sensibilidade galega xurde nidamente dos fondos ancestraes, esenta de contaminacións mediterráneas e ple[n]a de desexos saudosos. Galiza aínda é a fonte máis pura da Saudade, o Norte das ourentacións”.

Castelao recolhe, pois, toda a elaboração teórica e poética do Saudosismo e da Saudade como bem e ferramenta cultural para convertê-la em instrumento de ação política, em “Aición”, como expressa recorrendo à letra grande, tal e como Pascoaes e os saudosistas portugueses e galegos faziam para referir-se aos elementos fortes da religião da Saudade. Este é, pois, um passo decisivo que, ao mesmo tempo, revela alguma contradição e a insuficiência da Saudade como apenas um bem cultural, sem capacidade de transformar-se em ativo, que é o que Castelao faz, conciliando a tradição e a fundamentação essencialista do nacionalismo galego e do vínculo forte de unidade galego-português com o programa político.

Depois da Guerra Civil, ele surgiu mais uma vez, com a atenção à Saudade prestada por Ramón Piñeiro em particular e todo o Grupo Galaxia em geral, como elemento definidor da comunidade galega e objeto de reflexão filosófica. Igualmente, ela foi utilizada na literatura como veículo identitário ou desenvolvimento de um estado de ânimo, individual e coletivo. Foi título de revistas nos enclaves galegos do após-guerra – como os sete números da mexicana *Saudade: verba galega nas Américas* (1942-1953), ou de relatos de exilados (*Da saudade, amore, arte e misticismo*, título do deputado exilado Antón Alonso Ríos, saído em Buenos Aires em 1956) –, por exemplo. O conceito de saudade e saudoso estará presente em muitas definições jornalísticas da Galiza, popularizando-se até começar a nutrir textos das primeiras canções que no idioma da Galiza cantava um jovem Andrés do Barro, como mostra a celebérrima “Teño saudade” de grande sucesso, nos inícios da década de setenta, nos finais do franquismo, cuja letra escreveu um incipiente escritor na altura, Xavier Alcalá. Mesmo, a palavra calhou na população, e estabelecimentos comerciais e bandas populares de música adotaram o nome Saudade, que pouco antes era uma importação portuguesa.

Hoje, Saudade e Saudosismo são objeto de análise académica (tendo como cabeça fundamental a obra do Prof. Torres Queiruga). Não têm já a componente político-cultural e social que puderam ter em outras épocas, particularmente naquelas em que era preciso reafirmar uma determinada essencialidade galega diferente e diferenciada quando outros caminhos estavam interditos. Mas estão no povo. Ele assumiu, não tanto as subtis e densas elaborações e reflexões teóricas, mas o

conceito e o seu significado como marca genética de galeguidade, ao extremo que substituiu outras como *morrinha* (que até poderia ser considerada vulgar frente a mais refinada *Saudade*) ou *senhardade*, palavra viva em áreas da Galiza com similar significado. A palavra *saudade* está não apenas no nome de grupos folclóricos, herdeiros daquelas elaborações do pré-guerra, mas no nome de lojas e negócios: cabeleireiras, consultorias, clubes desportivos, cafetarias, centros de fisioterapia...

Mas são notórias a sua paulatina perda de força e o seu refúgio no mundo académico como objeto de estudo ou, muito menos, na poesia, em um fenómeno que tentarei desenvolver noutra obra, e que se explica pelo facto de a *Saudade* ficar como bem cultural e não como ferramenta, no sentido utilizado por Even-Zohar (2005). Da mesma maneira, quando o galeguismo quer atuar cívica e politicamente, ele é inservível, como o mostra a sua praticamente total ausência do programa político e de intervenção galeguista até ao presente e mesmo de repertórios culturais, musicais ou literários do galeguismo atual. Precisamente, pelas razões que podiam levar Castela, naquele momento de indefinição e incerteza, fim de um período, a duvidar; e pelos motivos que os jovens vanguardistas Dieste ou Otero Espasandín tinham para considerar *Saudade* e *Saudosismo* insuficientes e paralisantes, carentes de força para a ação, negadores de dinamismo.

Saudade e *Saudosismo* são, pois, um ativo, e, embora antigo, com algum sucesso, da fabricação e está depositado como bem cultural no povo galego, no seu repositório; não parece provável que passe, mais uma vez, a ser ferramenta intelectual nem popular de galeguidade, entendida como construção para atuar no mundo, mas constitui um ativo importante, particularmente em algumas elites, para manter determinados vínculos galego-portugueses, ratificando os objetivos nacionalistas com que desde a Galiza se impulsionou. Pense-se que, ainda hoje, em meios académicos da cultura, talvez seja a propósito das cantigas medievais e da *saudade* quando mais se ouve o nome da Galiza em Portugal. Desse ponto de vista foi, e é, uma fabricação exitosa. Este texto surge de um convite para um “Colóquio Galaico-Lusitano” sobre a *Saudade*. Como queria, pois, aquele galeguismo do pré-guerra, hoje fala-se em determinados centros intelectuais portugueses da Galiza, a propósito da *Saudade*, e mesmo com algum pano de fundo similar.

E é já um bem patrimonial partilhado, nascido da mais poderosa ponte identitário-discursiva elaborada a duas mãos por intelectuais galegos e portugueses há quase um século. Pode, em função das circunstâncias, conjunturais ou não, vir a ser ativado noutras dimensões, mas já ficou nesse repositório como bem comum.

102

.....
PORTUGAL E(M) NÓS
.....

Contributos para
a compreensão do
relacionamento cultural
galego-português

O PENSAMENTO CULTURAL GALEGO EM REFERÊNCIA A PORTUGAL: POSIÇÃO E FUNÇÃO DE IDEIAS E GRUPOS NO TARDOFRANQUISMO E NA TRANSIÇÃO

Roberto Samartim

Gonçalo Cordeiro Rua

DESDE MEADOS DO SÉCULO XIX UMA PARTE DA ELITE INTELECTUAL DA GALIZA TRABALHA NA ELABORAÇÃO, na difusão e na conservação de um corpus de ideias destinado à justificação, sustentação e/ou promoção da identidade diferenciada da comunidade que habita este território peninsular. Pelo menos desde essa altura, o fragmento do sector dominante empenhado neste processo de defesa e construção identitária utiliza os campos culturais (nomeadamente o literário) como espaço privilegiado para a implementação do conjunto de materias e regras repertoriais com que pretende definir, identificar e coesionar socialmente a comunidade galega. Dentro do repertório de marcadores identitários com que trabalham estes agentes e grupos da elite, o *galeguismo* contempla, desde as suas primeiras formulações, a unidade linguístico-cultural galego-portuguesa como elemento legitimador, reforço da própria identidade e apoio (mais ou menos central em função do período histórico analisado) na configuração de um Sistema Cultural Galego [SCG] relativamente autónomo do Sistema Cultural Espanhol [SCE], com que concorre pelo mesmo espaço social.

Este trabalho enquadra-se, então, dentro da descrição e estudo do processo de construção do SCG e pretende tanto caracterizar de maneira sumária os principais agentes e grupos nele atuantes durante o Tardofranquismo e a Transição (1968-1978), como identificar e localizar

103

.....
O PENSAMENTO
CULTURAL GALEGO EM
REFERÊNCIA A PORTUGAL:
POSIÇÃO E FUNÇÃO DE
IDEIAS E GRUPOS NO
TARDOFRANQUISMO E NA
TRANSIÇÃO
.....

Roberto Samartim
Gonçalo Cordeiro Rua

as principais ideias fabricadas ou promovidas pelas suas elites ao longo deste período da história da Galiza. Neste sentido, prestamos especial atenção ao corpus de ideias referido à relação do SCG com Portugal (e com os restantes territórios de língua portuguesa) por causa tanto da função de histórico Referente de Reintegração apontada acima, como por estar este trabalho enquadrado no projeto “Portugal e o mundo lusófono na literatura galega (1968-2000)” [POLULIGA].

Este projeto de investigação está a ser desenvolvido [2009] na Universidade de Santiago de Compostela (USC) pelo Grupo Galabra (de Estudos nos Sistemas Culturais Galego, Luso, Brasileiro e Africanos de Língua Portuguesa) e pretende estudar as ideias (quanto à arte, a cultura, a identidade, a Galiza, a relação com os outros sistemas culturais peninsulares, etc.) e as estratégias para a sua socialização experimentadas e/ou promovidas pelas elites atuantes no SCG entre 1968-2000 aplicando a conjugação de duas linhas metodológicas principais: as teorias sobre o campo e as suas derivações em literatura postuladas pelo sociólogo francês Pierre Bourdieu (1992) e as teorias sistémicas e os estudos sobre planificação cultural do professor israelita Itamar Even-Zohar (2005); a elas devem ser somadas as adaptações ao nosso objeto de estudo e os vários desenvolvimentos realizados pelo diretor do Grupo Galabra da USC, o professor Elias J. Torres Feijó (2004). Contemplamos também, entre outras, as teorias da receção e do relacionamento cultural postuladas tanto por Daniel-Henri Pageaux (2002) como por José Lambert (1986) e, ainda, utilizamos a Análise de Redes Sociais [ARS] (ver Hanneman e Riddle 2005 ou Rodríguez 2005) aos efeitos de visualizar do ponto de vista relacional as vinculações que se efetivam entre agentes instituições e ideias através da análise de um corpus constituído por jornais (principalmente pelos dois de maior tiragem na Galiza no tempo do nosso estudo: *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*), por todas as revistas e os livros publicados neste período dentro das margens do SCG e por qualquer outro suporte de carácter cultural que nos permita conhecer o nosso objeto de estudo (correspondência, entrevistas, etc.).

No projeto Poluliga centramos os trabalhos de pesquisa no espaço cronológico compreendido entre 1968 e 1982, dividindo estes anos em três períodos por meio de balizas externas aos campos culturais já que, em virtude da heteronomia que caracteriza o sistema nesta altura, elas são as responsáveis das principais mudanças verificadas no interior do

SCG. Falaremos assim aqui em “tardofranquismo” (1968-1973) em função de que as primeiras revoltas estudantis contra a ditadura do General Francisco Franco em 1968 e o assassinato em dezembro de 1973 do seu chefe de governo e homem forte do regime, o Almirante Carrero Blanco, delimitam um período de abertura relativa no campo político que tem a sua tradução nos campos culturais (em diferentes tomadas de posição dos seus agentes ou na promoção de determinados repertórios, por exemplo). Igualmente, delimitamos o período da “transição” (1974-1978) entre esse assassinato e a aprovação da Constituição Espanhola em referendo em dezembro de 1978 e a conseqüente instauração de um novo quadro legal, porque com a percepção da iminente morte do ditador (e, sobretudo, trás a sua defunção em finais de novembro de 1975) assistimos a uma importante mudança qualitativa que determina e condiciona o funcionamento dos campos culturais, tanto quanto ao volume de produtos e as suas regras de circulação como ao tipo de repertórios (ascenso do ensaio e redução da poesia social-realista no campo editorial, por exemplo). O terceiro período, que não atenderemos neste trabalho, corresponde-se com a estabilização do regime autonómico na Galiza e compreende desde esse plebiscito constitucional de 1978 até 1982, baliza comumente aceite pela historiografia como ponto final do processo de reforma do regime franquista e ano prévio à entrada em vigor de uma decisão política que determinará substancialmente o funcionamento do SCG a partir desse momento: a aprovação pelo Parlamento autonómico da Galiza em abril de 1983 da “Lei de Normalización Lingüística” hoje vigorante.

Por outro lado, para alcançarmos os objetivos propostos neste contributo o procedimento consistiu, em primeiro lugar, em analisar o conjunto dos resultados do projeto Poluliga¹, sistematizando e sintetizando as principais informações que neles se encontram quanto à caracterização, identificação e localização dos principais agentes, grupos e ideias presentes no SCG entre 1968 e 1978. O estado da nossa investigação para este período permite-nos tirar conclusões já relativamente

¹ Para além de um artigo publicado em uma revista especializada, estes resultados contabilizam [em 2009] cinco trabalhos académicos de graduação e cinco de pós-graduação, todos defendidos na USC, e trinta comunicações apresentadas em congressos internacionais (ver <https://redegalabra.org/>).

estáveis sobre estes assuntos referidas ao tardofranquismo e aos inícios da transição (1968-1975), período em que se tem centrado até o momento a maioria da produção do projeto Poluliga.

Para apontarmos as continuidades e as principais mudanças experimentadas no SCG durante a transição (1974-1978) quanto aos grupos atuantes e as ideias por eles promovidas, realizamos uma amostragem em 81 revistas correspondentes a este período; estas publicações foram escolhidas em virtude de conformarem uma amostra significativa das diferentes tipologias em que catalogamos, quanto ao grupo editor, as publicações do nosso corpus: oficiais (estatais, provinciais, municipais, académicas, eclesiásticas), associativas, de Centros Galegos (corporativas), escolares, universitárias, políticas, sindicais, vizinhos, profissionais, editoriais e outras (sendo definidas também pela sua temática: culturais, científicas, artísticas, literárias, informativas, generalistas, etc.)

O principal problema com que nos encontramos neste ponto diz respeito ao modo e ao tipo de codificação destas ideias ou, por outras palavras, à tipologia das categorias que devemos/podemos colocar e ao procedimento com que elas devam/possam ser estabelecidas para garantir a sua produtividade e rentabilidade em uma posterior análise relacional aplicando as ferramentas próprias da Análise de Redes Sociais ao corpus selecionado. Para superarmos este obstáculo, testamos aqui uma possível codificação de categorias (ideias) e avaliamos o seu rendimento, focando futuras abordagens dos materiais que conformam a totalidade do nosso corpus.

Por último, procedemos também à análise dos livros em galego editados no tardofranquismo e na transição, estudando os padrões de relacionamento que se verificam entre produtores e editoriais a fim de podermos agrupar estes agentes e comparar, contrastar e completar os resultados obtidos com os correspondentes tirados da análise dos resultados do projeto e da mostragem das revistas da transição; estabeleceremos assim medidas corretoras que nos permitam uma conclusão geral (ainda que forçosamente provisória) quanto aos objetivos focados por este trabalho para a totalidade do período em causa (1968-1978).

1. Grupos e agentes no SCG de 1968 a 1978

Após acompanharmos este procedimento de trabalho, e de acordo com o estado atual da nossa investigação, estamos em disposição de identificar os principais agentes e agrupações atuantes no SCG do tardofranquismo e da transição (1968-1978).

Assim, denominamos Grupo Galaxia ao conjunto de produtores agrupados em volta da editorial do mesmo nome, cujo núcleo, formado por agentes procedentes do galeguismo do pré-guerra civil de 1936-1939 (Ramón Otero Pedrayo, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, etc.), baseia o seu projeto cultural na tradição galeguista e trabalha estrategicamente devotado para a sua institucionalização; com este objetivo cria a editorial *Galaxia* [1950] e a revista *Grial* [1963] e alarga a sua intervenção no campo editorial através do selo SEPT [1966], que foca conteúdos próprios da religião cristã e da filosofia. Todos estes projetos editoriais promovem repertórios caracterizados em boa medida pelo seu carácter autónomo (mais ligados à “arte pela arte” do que à “arte social”), procuram um público com um relativamente elevado capital cultural, são os de maior estabilidade do SCG da altura e, além do mais, acumulam o grande capital simbólico que lhe transferem os agentes que os constituem ou que neles participam, incluídos os produtores mais canonizados e agora editados por *Galaxia*, ora provenientes do “Rexurdimento” literário galego do século XIX (responsáveis do ressurgimento da literatura escrita na língua da Galiza, como Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal), ora do período do pré-guerra (em especial Daniel Rodríguez Castelao, figura central do nacionalismo político galego, escritor e artista plástico) (Cordeiro Rua e Rodríguez Prado 2002). Todas estas características contribuem para que Galaxia ocupe a posição mais central de todos grupos presentes no SCG tanto no tardofranquismo como na transição.




Figura 2: Editoras e produtores/as no campo editorial galego (1974-1978).

Fonte: Elaboração própria.

De acordo com essa estratégia de institucionalização das suas ações, agentes ligados ao Grupo Galaxia reforçam e lideram a intervenção da Real Academia Gallega [RAG] no SCG da altura. Esta plataforma de carácter oficial fundada em 1906, a única herdada do galeguismo de pré-guerra, é um espaço que Galaxia compartilha com os agentes mais ligados à oficialidade cultural e política do franquismo presentes no SCG entre 1968 e 1978. Estes agentes, agrupados no que podemos denominar Grupo Filgueira em virtude de ser este o apelido do seu membro mais central (o diretor do Museu de Ponte Vedra e político franquista, antes membro do Partido Galeguista, José Filgueira Valverde), partilham um sector de público com Galaxia mas também focam um mercado específico e especializado ao promoverem desde várias instituições culturais e políticas de carácter oficial (Museus, Academias, Deputações [governos provinciais], etc.) repertórios virados para a etnografia, o folclore ou a arqueologia, representando as tendências

mais claramente subsistêmicas do SCG dentro do SCE^[3] (utilizam profusamente o espanhol e ocupam-se, por exemplo, de figuras como Emilia Pardo Bazán, escritora enfrentada no século XIX aos primeiros galeguistas encabeçados por Manuel Murguía, esposo de Rosalía de Castro e primeiro presidente da RAG) (Torres Feijó 1999).

Para além de no espaço académico já referido, as relações entre estes dois grupos detetam-se na presença em outros espaços institucionais comuns, como as publicações respetivas ou o patronato do Instituto de la Lengua Gallega [ILG] da USC. Este organismo universitário será determinante para a configuração do SCG desde a sua irrupção em 1971 com o objetivo específico de intervir na codificação do galego desde uma “orientação popularizante que minimiza a interferência do castelhano, nom contempla a referência luso-brasileira e afirma que o modelo estándar da língua da Galiza deve aproximar-se todo o possível da realidade fonética da fala popular, permitindo porém alguma concessão à tradição literária” (Samartim 2005: 33).

O ILG intervém na padronização da língua galega no horizonte de expectativas aberto perante a possibilidade de a última Ley General de Educación do franquismo [1970] incorporar a língua galega (por primeira vez na sua história) como matéria opcional no campo do ensino regrado na Galiza. Mas, principalmente, com a sua tomada de posição, o Instituto da USC [1] discute *de facto* a autoridade da RAG para exercer a função codificadora que os grupos que nela participam lhe atribuem alegando o seu carácter de (até essa altura) *única* instituição oficial do galeguismo, [2] secundariza a tradição literária como critério legitimador fundamental em benefício do que o catedrático da USC e presidente desta instituição, o professor Constantino Garcia (1974: 150), denomina “abstracción da fala popular” e, sobretudo, [3] nega validade ao critério de aproximação linguística galego-portuguesa; estas razões codificadoras (recurso à tradição literária e coincidência com o estándar português como elemento validador das escolhas) ocupam uma posição

³ Neste sentido, parece oportuno indicar, ainda que seja tangencialmente, que esses repertórios ligados ao folclore (músicas e danças tradicionais) são promovidos no tardo-franquismo para os públicos populares de forma maciça por instituições e associações políticas e culturais localizadas no interior do regime (Coros y Danzas de la Sección Femenina de Falange, Organización Juvenil Española [OJE], etc.).

central na proposta que Galaxia coloca no SCG através das *Normas Ortográficas e Morfológicas do Idioma Galego* [NOMIG] aprovadas pela Academia e publicadas nos inícios desse mesmo ano 1971. Da elaboração destas NOMIG é em grande medida responsável o académico Ricardo Carballo Calero (Samartim 2005: 15), primeiro catedrático de língua e literatura galega da USC e principal filólogo e crítico literário de Galaxia até o seu afastamento do grupo no fim do período analisado por causa das suas tomadas de posição pró-reintegracionistas^[4].

Para além do labor dos produtores ligados aos grupos mais institucionalizados (Galaxia, Grupo Filgueira e ILG^[5]), o SCG do tardofranquismo e da transição conhece a participação destacada de numerosos e importantes agentes em volta do que podemos designar como Grupo Sargadelos, projeto cultural e empresarial focalizado na renovação repertorial do campo artístico galego promovido por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, dois produtores retornados à metrópole depois de uma longa estadia no enclave bonaerense^[6], com o qual mantêm ainda importantes relações ao longo de todo o período. Este grupo inter-vém também no campo literário através de Ediciós do Castro, editora que tem nas narrativas sobre a emigração de Xosé Neira Vilas o seu produto mais sucedido no mercado da altura e que se caracteriza por

⁴ Ao contrário do conjunto do núcleo de Galaxia, Carballo [que assinará os seus trabalhos como “Carvalho” depois dos anos setenta] alinha com a proposta de codificação da língua da Galiza na base da decidida aproximação ao estándar do português (nomeadamente no plano ortográfico) feita em 1973 pelo principal agente do galeguismo em Portugal, Manuel Rodrigues Lapa (Samartim 2005: 26 e ss).

⁵ O ILG não tem impacto destacado no campo editorial (publica a revista especializada “Verba” e alguns métodos e materiais para a aprendizagem do galego) mas ocupa uma posição central no incipiente e determinante campo do ensino em virtude da sua origem universitária e de disputar (à RAG) desde a sua criação o monopólio sobre a codificação da língua da Galiza.

⁶ Os principais e mais ativos enclaves do SCG da altura estão localizados na América (destacando entre eles a coletividade galega do Mar de Prata). Organizados em volta de Centros Galegos e patronatos, durante todo o período mantêm ativas as suas revistas societárias e uma continuada produção editorial, realizando um importante labor de mantimento de símbolos identitários vindos do passado do galeguismo e de instituições políticas republicanas (como Rosalía de Castro, Daniel Castelao ou o Consello de Galiza). No tempo do nosso estudo sobressai o labor de disponibilização de recursos económicos para os principais empreendimentos culturais da metrópole (reabilitação da Casa Museo de Rosalía e da Sede da RAG na Corunha, por exemplo).

uma considerável diversificação da sua produção, o que lhe permite aglutinar tanto agentes de várias orientações políticas como repertoriais (em quanto aos temas, modelos, géneros e mesmo às línguas [galego e castelhano]). Este carácter diversificado, mas também a clara orientação para o campo artístico como espaço de movimentação prioritário e a sustentabilidade económica das suas ações, explica o grande avanço experimentado por este grupo no terreno editorial no segundo período da nossa análise, onde se aproxima do nível de produção de Galaxia neste campo (*vid.* supra Figura 2).

Para além dos importantes contactos de membros de Galaxia com Sargadelos tanto no tardofranquismo como na transição^[7], destacam igualmente as relações mantidas por Galaxia no interior do campo editorial com o que podemos denominar Grupo Castrelos, encabeçado por Xosé M^a Álvarez Blázquez. Os produtos colocados no mercado por esta editorial são distribuídos por Galaxia (que acabará comprando-a no fim deste período, em 1979) e estão caracterizados sobretudo por serem (re)edições de textos de vária tipologia dirigidos a um público alargado e popular, onde sobressaem os repertórios popularizantes e os social-realistas, experimentados pelo conjunto dos agentes ligados aos grupos políticos da esquerda em função da utilidade política por eles atribuída à literatura e presentes em vários produtores vindos da tradição galeguista e publicados por esta editora viguesa (como Curros, Rosalía, Castelao, Cabanillas, etc.).

Neste sentido, devemos referir a importante participação no tardofranquismo do professor Xesús Alonso Montero, principal agente intelectual do Partido Comunista de Galicia [PCG], tanto em Castrelos (onde intervém na coleção O Moucho) como em Ediciós do Castro; destaca da mesma maneira a sua participação, já na transição, nesta última editora e também em Celta (que aglutina agentes novos da esquerda luguesa), mas sobretudo na madrileña Akal, instituição próxima do Partido Comunista de España [PCE] que entra no mercado do livro em

⁷ Repare-se, apenas como exemplo, nas participações de Díaz Pardo e Luís Seoane em Galaxia (Figura 3 e Figura 4). Aliás, as gráficas evidenciam uma importante densidade nas relações entre todos os agentes; esta característica é própria de sistemas emergentes, onde um número relativamente reduzido de agentes multiplicam as suas ações e, portanto, também as suas relações, procurando preencher alguns dos numerosos défices existentes no sistema cultural ainda em construção.

galego no fim do tardofranquismo com a coleção Arealonga (dirigida pelo próprio Alonso Montero) e que desenha desde a sua criação em 1973 uma estratégia editorial que contribui para a construção de um intersistema literário conformado pelos diferentes povos do Estado Espanhol.

